

32ª MOSTRA GALEGA DE APICULTURA – 3 DE XUÑO EN ARZÚA

Atención: Anteriormente anunciouse para o día 4 pero cambiouse para o 3 de xuño.

A 32ª Mostra pretende tratar os temas que máis afectan a actividade apícola e ofrecer solucións prácticas ós problemas que causan. Falaremos de apiterapia e das súas aplicacións e amosaremos as últimas innovacións apícolas na feira de material. Teremos tamén un xantar abelleiro ó que vos animamos a participar e un espazo infantil para que traiaades ós cativos da familia.

Programa

No Local da AAVV de Santa María:

Ás 10 h. A postura de Bee Life ante a nova PAC e os neonicotinoides, por Laura García, asesora xurídica de AGA.

Ás 10:30 h. Salvemos ás abellas, por Luis Ferreirim de Greenpeace.

Ás 11.30 h. Presentación da Plataforma Stop Velutina, por Laura García de AGA e Diego Sánchez de SLG, e presentación da Marcha Stop Velutina, por Paula Souto de AGA.

Ás 12 h. Conclusións do estudo da arpa eléctrica para a protección das colmeas fronte a Vespa velutina, polo GOI Grupo Operativo de Innovación de AGA.

Ás 13 h. Asemblea de Erica Mel.

Ás 14 h. Xantar abelleiro. Na Pulpeira de Santa María (ó lado das nosas instalacións). Reservas no tel. 696 222 153 (ata o 31 de maio).

Ás 16.30 h. Obradoiros de construción de arpas eléctricas contra a velutina (tres sesións de 30 min). Todo o que precisas saber para facer a túa propia arpa. Por membros do GOI.

Na aula do Centro do Queixo, ás 17 h.: Obradoiro práctico de apiterapia, por José Castro e Leonor Varela, apiterapeutas. Se tes algún problema de saúde e queres saber se as abellas che poden axudar.

Na nave de Erica, durante todo o día: Feira de material e innovacións apícolas. Lyson, Anel, Apícola Carballal, Angel Romero, presentación da colmea termosolar por Celso Cadahía e Leona Rehakova e o método Astiz de loita contra a velutina por José Mª Bello da DAGA Morrazo.

Na biblioteca do Centro do Queixo, de 10 a 14 h.: Espazo infantil para os pequenos abelleiros e abelleiras.

Convocatoria da asemblea xeral da cooperativa ERICA MEL S.C.G.

3 de xuño de 2017 no local da AAVV de Santa María de Arzúa. Ás 13 h. en primeira convocatoria e ás 13.30 h. en segunda convocatoria. Orde do día:

1. Lectura da acta aprobada da asemblea xeral ordinaria de 2016.
2. Exame da situación do mercado do mel e aprobación, no seu caso, da xestión.
3. Aprobación se procede, das contas correspondentes o exercicio de 2016
4. Resolver sobre a proposta do Consello Rector en canto á distribución do excedente ou perdas.
5. Destino, no seu caso, do Fondo de Formación e Promoción Cooperativo.
6. Aportación obrigatoria e cuota de ingreso para os/as novos/as socios e socias.
7. Renovación de cargos do Consello Rector: Presidente, vicepresidente, secretario, tesoureiro, vogal 1º e vogal 2º, por vencemento do mandato, conforme ao artigo 26 dos estatutos de Erica Mel S.C.G.
8. Renovación de cargo do Interventor por vencemento do seu mandato
9. Designación de tres socios/as para subscribir e aprobar a acta da presente Asemblea Xeral.
10. Rogos e preguntas.

DÍA MUNDIAL DAS ABELLAS - 20 DE MAIO

O Día Mundial das Abellas é unha celebración internacional para facer difusión sobre a importancia das abellas e reivindicar a súa necesaria protección como gardiás do medio ambiente.

AGA celebrará este día con varios eventos que terán lugar o 20 de maio nos seguintes lugares, se queres colaborar nalgún deles ponte en contacto con nós.

SANTIAGO DE COMPOSTELA - AGA

No IES Rosalia Castro, ás 12:30 h. Acto do Día da Abella e inauguración da exposición "Dalle vida ao teu xardín" cun percorrido pola exposición didáctica, visita ás abellas do xardín, degustación de meles e información sobre a Vespa velutina. A exposición estará aberta ata o 5 de xuño Día Mundial do Medio Ambiente, con actividades para escolares. Haberá tamén un curso de apicultura o 20 e 21 de maio.

CULLEREDO - DAGA CORUÑA

No Xardín Botánico de Culleredo, de 11 a 14 h. Degustación de meles por produtores locais socios de AGA, visita guiada polos xardíns e colmeas da delegación e obradoiro de trampas caseiras contra a Vespa velutina.

ALLARIZ - DAGA OURENSE

No Festival Internacional de Xardíns de Allariz, de 11 a 14 h. Arredor da Casa das Abellas dos xardíns, degustación de meles por produtores locais socios de AGA e unha mesa informativa sobre a Vespa velutina. Os socios de AGA que participen poden visitar ese día os xardíns de balde, chamando previamente a AGA para anotarse.

FERROLTERRA - DAGA FERROLTERRA

Narón, Neda, San Sadurniño e Mugardos. Ás 11 h. charla "Abella e Medio Ambiente" e entrega de premios aos gañadores do concurso de trampeo realizado nos centros de ensino da comarca. Durante toda a mañá mesa informativa na praza do concello coa problemática da velutina.

NIGRÁN - DAGA RÍAS BAIXAS

No Centro da Ramallosa. Día da Abella, II Xornadas Apícolas e I Feira Apícola Val Miñor. Ás 10:15 h. acto de inauguración e obradoiros para nenos e nenas. Charlas: Ás 10:30 A produción de pole. Ás 11:30 Manexo ecolóxico antivarroa. Ás 16:30 Fotografar a natureza. Ás 17:30 Entrega de premios.

AS PONTES – DAGA EUME

Na Casa do Mel de Goente, de 16 a 21 h. Portas abertas con obradoiros e actividades para nenos e nenas.

MAÑÓN - DAGA ORTEGAL

19 de maio no CEIP Francisco López Estrada do Barqueiro. Os alumnos/as pintarán un mural sobre o Día Mundial da Abella e posteriormente farase a entrega de trampas, folletos sobre a velutina e copiños de mel.

¡Celebra o Día da Abella con AGA e co mundo enteiro!

Máis información e atención ó socio/a:

Asociación Galega de Apicultura
Feira Nova S/N Santa María – Arzúa
Tel. 981 508 142 / 630 069 637 - Email: info@apiculturagalega.es
Web: www.apiculturagalega.es / Tamén no Facebook